

# BENESTAR E PARTICIPACIÓN SOCIAL

1. Perceptores de prestacións por desemprego (medias anuais). Ano 2009
2. Fondo de Garantía Salarial. Importe total das prestacións acordadas segundo a modalidade. Ano 2009
3. Número de pensións contributivas en vigor e importe medio segundo as clases. Ano 2008
4. Número de beneficiarios de prestacións non contributivas e asistenciais segundo o tipo de prestación. Ano 2009
5. Fogares segundo a tipoloxía do fogar. Ano 2008
6. Fogares segundo o intervalo de ingresos netos mensuais. Ano 2008
7. Fogares segundo a tipoloxía de ingresos. Ano 2008
8. Taxa e limiar de risco de pobreza. Ano 2008
9. Número e porcentaxe de fogares con gasto en diferentes conceptos. Galicia. Ano 2008
10. Gasto medio mensual do fogar en diferentes conceptos. Ano 2008
11. Gasto en consumo final dos fogares por grandes grupos de gasto. Ano 2008
12. Rexistro da propiedade e actividade notarial. Ano 2007
13. Penal. Delitos segundo lugar da condena por tipo de delito. Ano 2009
14. Menores. Infraccións penais segundo lugar da condena por tipo de delito/falta. Ano 2009
15. Arrendamentos urbanos segundo a causa de litixio. Ano 2009
16. Asuntos penais (xulgados de paz) segundo o tipo de asunto. Ano 2009
17. Violencia de xénero. Galicia

### Prestacións por desemprego

Son prestacións que protexen a situación por desemprego, poden ser de varios tipos:

- **Nivel contributivo.** Prestación por desemprego: refírese a aquela situación de desemprego das persoas que, querendo e podendo traballar, perdan o seu traballo de forma temporal ou definitiva ou vexan reducida, temporalmente polo menos, nunha terceira parte a súa xornada laboral, por expediente de regulación de emprego, coa correspondente perda ou redución análoga de salarios, por algunhas das causas establecidas como situacións legais de desemprego.
- **Nivel asistencial.** Subsidio por desemprego: poderán ser beneficiarios do subsidio por desemprego os parados que, figurando inscritos como demandantes de emprego, sen teren rexeitado oferta de emprego adecuada nin terse negado a participar, salvo causa xustificada, en accións de promoción, formación ou reconversión profesionais, e carecendo de rendas de calquera natureza superiores, en cómputo mensual, ao 75% do salario mínimo interprofesional, excluída a parte proporcional das dúas pagas extraordinarias, se encontren nalgunha das situacións contempladas para o dito subsidio.
- **Renda activa de inserción:** o obxectivo do programa é incrementar as oportunidades de retorno ao mercado de traballo dos traballadores desempregados con especiais necesidades económicas e dificultades para atopar emprego.

### Fondo de Garantía Salarial

É un organismo autónomo de carácter administrativo dependente do Ministerio de Trabajo e Inmigración que ten por finalidade a xestión das prestacións de garantía salarial contempladas no artigo 33 do Estatuto dos traballadores, segundo a redacción dada polo Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo, destinadas a garantirilles aos traballadores a percepción de salarios debidos e indemnizacións pendentes de pago. Tal protección é cuberta polo citado organismo, que se financia con cotizacións empresariais específicas e cos ingresos provenientes da súa obrigatoria subrogación dos dereitos e accións dos traballadores fronte aos empresarios debedores.

- As prestacións por insolvencia inclúen o importe das indemnizacións e dos salarios pendentes de pago motivados pola declaración de insolvencia das empresas, suspensión de pagos, quebra, concurso de acredores e forza maior, así como os salarios de tramitación acordados pola xurisdición competente.
- As prestacións por regulación inclúen, unicamente, as indemnizacións correspondentes ao 40 por cento da indemnización legal que lles corresponda aos traballadores de empresas de menos de 25 traballadores nos casos de despedimento colectivo e despedimento por causas obxectivas derivadas da necesidade de amortizar postos de traballo fundada en causas económicas, técnicas, organizativas ou de produción.

### Pensión contributiva da Seguridade Social

Son prestacións económicas e de duración indefinida, aínda que non sempre, nas que a concesión está xeralmente supeditada a unha previa relación xurídica coa Seguridade Social (acreditar un período mínimo de cotización en determinados casos, ...), sempre que se cumpran os demais requisitos esixidos. A súa contía determínase en función das achegas efectuadas polo traballador e o empresario, se se trata de traballadores por conta allea, durante o período considerado para os efectos da base reguladora da pensión de que se trate. As clases de pensións son: incapacidade permanente, xubilación, viuvez, orfandade e en favor de familiares; ao conxunto das tres últimas denomínanse pensións de morte e supervivencia.

- **Incapacidade permanente:** É a pensión percibida polo traballador que, despois de estar sometido ao tratamento prescrito e ser dado de alta médica, presenta reducións anatómicas ou funcionais graves, susceptibles de determinación obxectiva e previsiblemente definitiva, que diminúen ou anulan a súa capacidade laboral.
- **Xubilación:** Consiste na pensión vitalicia concedida aos traballadores nas condicións, contía e forma que regulamentariamente se determinan cando, logo de acadar a idade establecida, cesen ou xa cesasen no traballo.
- **Morte e supervivencia:** Son as pensións que se outorgan en caso de morte do traballador, calquera que fose a súa causa, e son as seguintes: pensión de viuvez, pensión de orfandade e pensión vitalicia ou subsidio temporal a favor de familiares.

## Prestacións non contributivas e asistenciais

As prestacións de carácter asistencial e non contributivo son: pensións non contributivas da Seguridade Social, Renda de integración social de Galicia (RISGA), pensións asistenciais a anciáns e enfermos do extinguido Fondo Nacional de Asistencia Social (FAS), prestacións sociais e económicas derivadas da Lei de Integración Social dos Minusválidos (LISMI) e axudas de emerxencia social (AES).

- **Pensións non contributivas da Seguridade Social:** Son prestacións periódicas vitalicias ou de duración indeterminada a favor de persoas que non cotizaran nunca, ou ben non o fixeran o tempo suficiente para acadar prestacións de nivel contributivo pola realización de actividades profesionais. As clases de prestacións son invalidez e xubilación.
- **Renda de integración social de Galicia. RISGA:** É unha prestación económica asistencial que trata de lles garantir un mínimo de subsistencia persoal a cidadáns entre 25 e 65 anos, que aínda que teñan idade laboral e non teñan causa legal de incapacidade física ou psíquica, non teñen os recursos mínimos necesarios para cubrir as necesidades máis urxentes. Pretende a reinserción social e laboral desas persoas.
- **Prestacións da LISMI:** As prestacións da Lei de integración social dos minusválidos son prestacións sociais e económicas non contributivas dirixidas a persoas afectadas por unha diminución previsiblemente permanente da que se derive unha minusvalía (ou estar afectadas por un proceso dexenerativo que puidera derivar en minusvalía, nas prestacións que así se estableza expresamente), que non están comprendidas no campo de aplicación do sistema de Seguridade Social, que non son beneficiarias (nin teñen dereito, por idade ou por calquera outras circunstancias) de prestacións ou axudas de análoga natureza e finalidade e con recursos persoais inferiores en contía ao 70 por cento, en cómputo anual, do Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples (IPREM). A acción protectora destas prestacións comprende: asistencia sanitaria e prestación farmacéutica, rehabilitación médico-funcional, recuperación profesional, medidas de integración social, subsidio de garantía de ingresos mínimos, subsidio por axuda de terceira persoa e subsidio de mobilidade e compensación por gastos de transporte.
- **Prestacións do Fondo Nacional de Asistencia Social (FAS):** Son prestacións asistenciais económicas individualizadas de carácter periódico a anciáns, enfermos ou inválidos incapacitados para o traballo.
- **Axudas de emerxencia social (AES):** Son prestacións económicas, non contributivas, de carácter extraordinario e pagamento único, destinadas a paliar situacións de urxencia de persoas con fogares independentes afectados por un estado de necesidade. Considéranse situacións de urxencia social aquelas que orixinen gastos extraordinarios para cubrir necesidades específicas de carácter básico e urxente, tales como: gastos imprescindibles para o uso da vivenda habitual ou para o mantemento da habitabilidade ou accesibilidade da vivenda habitual, equipamento mobiliario básico e necesidades primarias (alimentación, vestido, atención sanitaria etc.)



## Gastos

### Gasto en consumo final dos fogares

Corresponde ao gasto efectuado polos fogares co fin de consumir bens e servizos. Os gastos de consumo que se rexistran na “Encuesta continua de presupostos familiares” refírense ao fluxo non só monetario que destina o fogar e cada un dos seus membros ao pagamento de determinados bens e servizos, senón tamén ao valor dos bens percibidos en concepto de autoconsumo, autosubministración, salario en especie, comidas de balde ou bonificadas e alugamento imputado á vivenda na que reside o fogar (cando é o propietario desta ou a ten cedida de balde ou semigratuitamente por outros fogares ou institucións).

## Ingresos

### Tipoloxía do fogar

Atendendo á existencia ou non de núcleos familiares dentro do fogar e á tipoloxía do dito número, clasifícanse os fogares do seguinte xeito:

- **Fogares sen núcleo**
  - o unipersoais (compostos por unha persoa)
  - o outros (compostos por máis dunha persoa)
- **Fogares compostos por un núcleo**
  - o monoparentais
  - o parella sen fillos
  - o parellas con fillos
  - o fogares compostos por un núcleo e alguén máis.
- **Fogares compostos por dous o máis núcleos**

### Ingresos netos mensuais do fogar

Son a media mensual dos ingresos netos de todos os membros do fogar no último ano, sexan estes regulares ou non.

### Tipoloxía de ingresos do fogar

Dentro dun fogar considérase a seguinte tipoloxía de ingresos:

- **Traballo:** son os ingresos percibidos polo fogar debidos ao traballo, xa sexa por conta propia ou allea. O fogar pode ter, ademais, outros ingresos que non son debidos a pensións ou subsidios.
- **Prestacións:** son os ingresos percibidos polo fogar debidos ás pensións contributivas ou non contributivas, subsidios e prestacións por desemprego ou outros subsidios e prestacións sociais. O fogar pode ter, ademais, outros ingresos que non son debidos ao traballo.
- **Traballo e prestacións:** son os ingresos percibidos polo fogar debidos ao traballo e tamén a pensións e/ou subsidios. O fogar pode ter outros ingresos debidos a outras fontes.

- Nin traballo nin prestacións: son os ingresos percibidos polo fogar debidos ás rendas da propiedade ou do capital, rendas de compañías de seguros, transferencias doutros fogares ou outro tipo de ingresos que non sexan debidos ao traballo nin ás pensións ou subsidios.

### Ingreso equivalente do fogar

Este concepto corrixe o efecto do número de persoas no volume de ingresos do fogar e fai comparables os ingresos de fogares con distinto número de membros. Para iso calcúlanse as unidades de consumo do fogar empregando a escala de equivalencia da OCDE modificada que ten a expresión:

$$[1+0,5*(a-1)+0,3*(b)]$$

onde

a é o número de adultos (persoas de 14 ou máis anos) do fogar

b é o número de nenos (persoas menores de 14 anos) do fogar

Defínese o ingreso equivalente do fogar como o ingreso medio mensual do fogar dividido pola expresión anterior.

### Limiar de risco de pobreza

Correspóndese co 60% da mediana dos ingresos equivalentes de todas as persoas galegas. Como ingreso equivalente de cada persoa tómase o ingreso equivalente do fogar ao cal pertencen.

### Taxa de risco de pobreza

A taxa de risco de pobreza é a porcentaxe de persoas cun ingreso equivalente inferior ao limiar do risco de pobreza.

## Xustiza

### Xulgados de paz

En cada municipio onde non exista xulgado de primeira instancia e instrución, e con xurisdición no termo correspondente, haberá un xulgado de paz. Os xulgados de paz coñecerán, na orde civil, da substanciación en primeira instancia, fallo e execución dos procesos que a lei determine. Cumprirán tamén funcións de rexistro civil e as demais que a lei lles atribúa. Na orde penal, coñecerán en primeira instancia dos procesos por faltas que lles atribúa a lei. Poderán intervir, igualmente, en actuacións penais de prevención ou por delegación e naquelas outras que sinalen as leis. Na estatística de xulgados de paz faise un seguimento da actividade xudicial en ditos xulgados nos ámbitos civil e penal, excluindo a actividade ligada as funcións de Rexistro Civil.

### Estatística de condenados

Faise unha explotación do Rexistro Central de Penados, a partir da información contida nas notas de condena correspondentes ás sentenzas firmes inscritas no mesmo.

### Estatística de menores

Faise unha explotación do Rexistro Central de Sentenzas de Responsabilidade Penal dos Menores, a partir de sentenzas firmes inscritas no mesmo.



### **Estadística de arrendamentos urbanos**

Pretende dar a coñecer a litixiosidade sobre un feito socioeconómico relevante, como a tenza da vivenda en arrendamento. Investígase o obxecto do pleito e o pronunciamento das sentenzas ditadas polos xulgados de primeira instancia e xulgados de primeira instancia e instrución.

### **Violencia de xénero**

A violencia de xénero é aquela que, como manifestación da discriminación, a situación de desigualdade e as relacións de poder dos homes sobre as mulleres, se exerce sobre éstas por parte de quen sexan ou foran os seus conxúxes ou de quen esté ou estivera ligado a elas por relacións similares de afectividade, aínda sen convivencia.

1

## PERCEPTORES DE PRESTACIÓNS POR DESEMPREGO (MEDIAS ANUAIS). AÑO 2009

	España	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
<b>Con prestacións económicas</b>						
Contributiva desemplego	1.606.373	77.651	31.168	7.391	7.812	31.279
Contributiva traballadores eventuais agrarios	18.419	174	44	49	17	64
Asistenciais subsidio	764.805	46.051	17.971	4.446	5.956	17.678
Renda activa de inserción	95.543	6.448	2.564	608	998	2.278
<b>Total perceptores</b>	<b>2.485.140</b>	<b>130.323</b>	<b>51.747</b>	<b>12.494</b>	<b>14.784</b>	<b>51.299</b>

Fonte: Ministerio de Trabajo e Inmigración. Anuario. Extraído de <http://www.mtin.es> [20 de setembro, 2010].

Nota: no total de España de perceptores, non se inclúen os beneficiarios do subsidio de traballadores eventuais agrarios nin os de renda agraria, xa que en Galicia non se contemplan.

2

## FONDO DE GARANTÍA SALARIAL. IMPORTE TOTAL DAS PRESTACIÓNS ACORDADAS SEGUNDO A MODALIDADE. AÑO 2009

Miles de euros

	España	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
<b>Por insolvencia</b>						
Salarios	277.025,8	11.666,3	4.333,4	2.485,7	1.132,8	3.714,4
Indemnizacións	347.119,4	15.990,0	6.950,2	2.855,4	1.341,2	4.843,2
<b>Total</b>	<b>624.145,0</b>	<b>27.656,3</b>	<b>11.283,6</b>	<b>5.341,0</b>	<b>2.474,1</b>	<b>8.557,6</b>
<b>Por regulación</b>						
<b>Total</b>	<b>209.613,6</b>	<b>7.308,0</b>	<b>3.672,4</b>	<b>803,7</b>	<b>399,5</b>	<b>2.432,4</b>
<b>Total</b>	<b>833.758,6</b>	<b>34.964,3</b>	<b>14.956,0</b>	<b>6.144,7</b>	<b>2.873,5</b>	<b>10.990,0</b>

Fonte: Ministerio de Trabajo e Inmigración. Anuario. Extraído de <http://www.mtin.es> [20 de setembro, 2010].

**NÚMERO DE PENSIÓNS CONTRIBUTIVAS EN VIGOR E IMPORTE MEDIO SEGUNDO AS CLASES. AÑO 2008**
*Número de pensións e euros*

	España	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
<b>Incapacidade permanente</b>						
Número de pensións	916.291	68.104	26.690	9.286	9.266	22.862
Importe medio	806,5	690,6	708,9	659,3	657,7	695,1
<b>Xubilación</b>						
Número de pensións	4.995.691	439.179	162.036	79.071	70.225	127.847
Importe medio	822,2	674,0	716,1	598,0	579,9	719,3
<b>Viuvez</b>						
Número de pensións	2.263.259	180.783	70.274	29.896	26.328	54.285
Importe medio	531,5	445,7	478,6	378,9	387,8	468,0
<b>Orfandade</b>						
Número de pensións	261.012	19.933	8.177	2.631	2.396	6.729
Importe medio	326,3	319,3	329,7	310,9	314,7	311,6
<b>Favor familiares</b>						
Número de pensións	37.674	5.367	1.967	702	1.102	1.596
Importe medio	432,1	397,6	407,9	367,5	391,0	402,9
<b>Total</b>						
Número de pensións	<b>8.473.927</b>	<b>713.366</b>	<b>269.144</b>	<b>121.586</b>	<b>109.317</b>	<b>213.319</b>
Importe medio	<b>725,9</b>	<b>605,7</b>	<b>639,4</b>	<b>541,2</b>	<b>532,5</b>	<b>637,5</b>

Fonte: Instituto Nacional de la Seguridad Social. Informes estadísticos.

Nota: os datos son relativos ao 31 de decembro.

**NÚMERO DE BENEFICIARIOS DE PRESTACIÓNS NON CONTRIBUTIVAS E ASISTENCIAIS SEGUNDO O TIPO DE PRESTACIÓN. AÑO 2009**
*Número de beneficiarios*

	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Pensións non contributivas da Seguridade Social	47.940	19.388	5.701	6.945	15.906
Invalidez	18.144	6.992	1.978	2.623	6.551
Xubilación	29.796	12.396	3.723	4.322	9.355
LISMI	1.769	612	113	341	703
FAS	39	7	8	12	12
RISGA	4.798	1.655	492	731	1.920
AES	2.410	566	391	288	1.165

Fonte: Consellería de Traballo e Benestar. Información subministrada directamente.

Nota: datos a decembro.



## 5

### FOGARES SEGUNDO A TIPOLOXÍA DO FOGAR. ANO 2008

Porcentaxe

	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
<b>Tipoloxía do fogar</b>					
Unipersoal	19,6	18,3	24,1	25,3	17,3
Sen núcleo (máis dunha persoa)	2,6	2,5	3,1	2,3	2,5
Parella con fillos	35,2	36,3	28,7	31,2	38,1
Parella sen fillos	21,4	21,8	20,4	24,8	20,0
Monoparental	8,6	8,8	9,5	7,2	8,7
Un núcleo e outros	8,5	8,3	9,4	7,2	8,9
Varios núcleos	4,0	4,0	4,8	2,0	4,7
<b>Total</b>	<b>100</b>	<b>100</b>	<b>100</b>	<b>100</b>	<b>100</b>

Fonte: IGE. Enquisa de condicións de vida das familias. Ano 2008.

Nota: datos referidos a 31 de decembro de 2008.

## 6

### FOGARES SEGUNDO O INTERVALO DE INGRESOS NETOS MENSUAIS. ANO 2008

Porcentaxe

	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
<b>Intervalo de ingresos</b>					
Ata 400,00 euros	2,1	1,8	2,5	3,3	1,9
De 400,01 a 600,00 euros	5,1	4,7	5,1	7,1	4,7
De 600,01 a 1.000,00 euros	15,6	13,5	19,2	23,6	13,5
De 1.000,01 a 1.500,00 euros	18,5	17,1	19,3	23,0	18,1
De 1.500,01 a 2.000,00 euros	16,4	16,6	15,9	12,7	18,0
De 2.000,01 a 2.500,00 euros	14,7	14,9	12,5	12,7	16,0
De 2.500,01 a 3.000,00 euros	9,8	11,4	8,5	6,1	9,9
De 3.000,01 a 4.000,00 euros	10,1	10,9	8,9	7,4	10,5
Máis de 4.000,00 euros	7,8	9,2	8,2	4,2	7,5
<b>Total</b>	<b>100</b>	<b>100</b>	<b>100</b>	<b>100</b>	<b>100</b>

Fonte: IGE. Enquisa de condicións de vida das familias. Ano 2008.

Nota: datos referidos a 31 de decembro de 2008.

## 7

### FOGARES SEGUNDO A TIPOLOXÍA DE INGRESOS. ANO 2008

Porcentaxe

	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Ingresos do traballo	35,7	36,5	30,8	32,4	38,0
Ingresos por prestacións	29,8	27,6	34,6	41,7	25,8
Ingresos do traballo e prestacións	34,1	35,5	34,2	25,3	35,8
Outros ingresos	0,5	0,4	0,5	0,6	0,5
<b>Total</b>	<b>100</b>	<b>100</b>	<b>100</b>	<b>100</b>	<b>100</b>

Fonte: IGE. Enquisa de condicións de vida das familias. Ano 2008.

Nota: datos referidos a 31 de decembro de 2008. Outros ingresos inclúe os fogares que perciben ingresos debidos ás rendas da propiedade ou do capital, rendas de compañías de seguros, transferencias doutros fogares ou outro tipo de ingresos que non sexan debidos ao traballo ou a pensións ou subsidios.

8

**TAXA E LIMIAR DE RISCO DE POBREZA. ANO 2008**

	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Taxa de risco de pobreza cos limiares provinciais (%)	13,9	14,7	13,2	16,0	12,5
Limiar de risco de pobreza (euros)	609	647	592	539	601

Fonte: IGE. Enquisa de condicións de vida das familias. Ano 2008.

Nota: datos referidos a 31 de decembro de 2008.

A taxa de risco de pobreza cos limiares provinciais é a porcentaxe de persoas cun ingreso equivalente inferior ao limiar provincial de risco de pobreza, que se establece no 60% da mediana de ingresos equivalentes desa provincia.

9

**NÚMERO E PORCENTAXE DE FOGARES CON GASTO EN DIFERENTES CONCEPTOS. GALICIA. ANO 2008**

	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
<b>Aluguer vivenda principal</b>					
Número	99.907	40.954	11.105	8.977	38.871
Incidencia	9,8	9,8	8,3	6,6	11,7
<b>Hipoteca vivenda principal</b>					
Número	211.322	97.419	23.419	19.416	71.068
Incidencia	20,7	23,3	17,5	14,3	21,4

Fonte: IGE. Enquisa de condicións de vida das familias. Ano 2008.

Nota: datos referidos a 31 de decembro de 2008.

A incidencia calcúlase, para cada provincia e Galicia, como a porcentaxe de fogares con gasto nese concepto sobre o total de fogares nesa provincia.

10

**GASTO MEDIO MENSUAL DO FOGAR EN DIFERENTES CONCEPTOS. ANO 2008**

Euros

	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Aluguer	278,7	277,6	211,5	249,4	305,8
Hipoteca	462,1	462,0	426,0	424,8	484,3

Fonte: IGE. Enquisa de condicións de vida das familias. Ano 2008.

Nota: datos referidos a 31 de decembro de 2008.

11

**GASTO EN CONSUMO FINAL DOS FOGARES POR GRANDES GRUPOS DE GASTO. AÑO 2008**

	Gasto total (miles de euros)		Gasto medio por fogar (euros)		Gasto medio por unidade de consumo (euros) (1)	
	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia
<b>Total</b>	<b>534.941.265</b>	<b>29.980.819</b>	<b>31.953</b>	<b>30.149</b>	<b>17.959</b>	<b>16.647</b>
Alimentos e bebidas non alcohólicas	77.803.750	5.300.259	4.647	5.330	2.612	2.943
Bebidas alcohólicas, tabaco e narcóticos	10.323.429	..	617	580	347	..
Artigos de vestir e calzado	32.781.289	2.054.026	1.958	2.066	1.101	1.141
Vivenda, auga, electricidade, gas e outros combustibles	145.761.711	6.849.315	8.707	6.888	4.894	3.803
Mobiliario, equipamento do fogar e gastos correntes de conservación da vivenda	27.819.905	1.645.670	1.662	1.655	934	914
Saúde	17.138.304	..	1.024	973	575	..
Transportes	73.046.184	4.648.350	4.363	4.674	2.452	2.581
Comunicacións	16.252.560	..	971	888	546	..
Ocio, espectáculos e cultura	36.847.579	1.738.123	2.201	1.748	1.237	965
Ensino	4.936.411	..	295	195	166	..
Hoteis, cafés e restaurantes	51.374.988	2.742.218	3.069	2.758	1.725	1.523
Outros bens e servizos	40.855.155	..	2.440	2.395	1.372	..

Fonte: INE. Encuesta de presupuestos familiares. Base 2006. Extraído de <http://www.ine.es> [19 de outubro, 2010].

Nota: (1) para o cálculo das unidades de consumo utilizouse a escala OCDE modificada.

12

**REXISTRO DA PROPIEDAD E ACTIVIDADE NOTARIAL. AÑO 2007**

	España	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
<b>Rexistro da propiedade</b>						
Predios rústicos rexistrados por primeira vez	81.683	21.811	8.188	3.432	3.823	6.368
Predios urbanos rexistrados por primeira vez	103.628	15.371	7.564	1.251	1.130	5.426
Predios rústicos alleados	509.409	28.233	12.211	5.045	2.357	8.620
Predios urbanos alleados	2.003.816	97.120	46.684	13.557	10.590	26.289
Dereitos reais constituídos sobre inmobles (excepto o de hipoteca)	70.291	2.748	1.347	685	189	527
<b>Instrumentos notariais autorizados</b>						
Actos de derradeira vontade	588.704	47.924	21.899	6.854	3.893	15.278
Contratos en xeral	2.531.771	138.495	59.962	18.700	12.021	47.812
Préstamos e recoñecemento de débedas (simples, pignorativos ou hipotecarios)	1.450.963	61.023	28.748	7.166	5.181	19.928
Protestos de documentos de xiro	5.517	230	99	29	21	81

Fonte: Ministerio de Justicia. Dirección General de los Registros y del Notariado. Anuario 2007.

Nota: a categoría "Contratos en xeral" inclúe: actos que implican modificación física sobre as fincas. Contratos traslativos dobre todo tipo de bens e dereitos. Contratos de arrendamento e cesións de uso. Doazóns e transmisións gratuítas inter vivos. Pactos acumulables a negocios xurídicos principais, independentes ou non. Actos urbanísticos. Outros actos e contratos.

## PENAL. DELITOS SEGUNDO LUGAR DA CONDENA POR TIPO DE DELITO. ANO 2009

	España	Galicia
<b>Total</b>	<b>275.458</b>	<b>15.209</b>
Homicidio e formas	1.292	86
Aborto	13	0
Lesións	33.733	1.928
Lesións ao feto	2	0
Manipulación xenética	0	0
Contra da liberdade	10.687	486
Torturas e integridade moral	3.336	249
Contra a liberdade e indemnidade sexuais	2.601	142
Omisión do deber de socorro	112	4
Contra a intimidade, dereito á propia imaxe	491	24
Contra a honra	111	16
Contra as relacións familiares	3.848	255
Contra o patrimonio e a orde socioeconómica	50.004	2.310
Contra a Facenda Pública e a Seguridade Social	310	8
Contra os dereitos dos traballadores	53	19.388
Contra os dereitos dos cidadáns estranxeiros	479	5
Ordenación do territorio	683	29
Contra a seguridade colectiva	135.561	7.874
Das falsidades	5.224	206
Contra a Administración Pública	463	19
Contra a Administración de Xustiza	12.731	832
Contra a Constitución	136	0
Contra a orde pública	12.899	681
Traizón, contra a paz e defensa nacional	1	0
Contra a Comunidade Internacional	5	0
Lei Orgánica de Represión do Contrabando	56	0
Lei Orgánica do Réxime Electoral Xeral	92	2
Lei Penal e Procesal da Navegación Aérea	1	0

Fonte: INE. Estadística de condenados. Extraído de <http://www.ine.es>.

Nota: datos provisionais.

14

## MENORES. INFRACCIÓN PENAL SEGUNDO LUGAR DA CONDENA POR TIPO DE DELITO/FALTA. ANO 2009

	España	Galicia
<b>Total infraccións</b>	<b>29.673</b>	<b>1.211</b>
<b>Total delitos</b>	<b>19.729</b>	<b>782</b>
Homicidio e formas	56	0
Aborto	0	0
Lesións	2.249	114
Lesións ao feto	0	0
Contra da liberdade	728	21
Torturas e integridade moral	1.072	65
Contra a liberdade e indemnidade sexuais	259	17
Omisión do deber de socorro	0	0
Contra a intimidade, dereito á propia imaxe	80	5
Contra a honra	3	0
Contra as relacións familiares	2	1
Contra o patrimonio e a orde socioeconómica	10.867	377
Contra a Facenda Pública e a Seguridade Social	3	0
Contra os dereitos dos traballadores	0	0
Ordenación do territorio	8	0
Contra a seguridade colectiva	2.740	122
Das falsidades	111	1
Contra a Administración de Xustiza	523	32
Contra a Constitución	14	0
Contra a orde pública	1.010	27
Contra a Comunidade Internacional	0	0
Outros delitos	4	0
<b>Total faltas</b>	<b>9.944</b>	<b>429</b>
Faltas contra as persoas	6.048	257
Faltas contra o patrimonio	3.345	159
Faltas contra intereses xerais	9	0
Faltas contra a orde pública	542	13
Outras faltas	0	0

Fonte: INE. Estadística de menores. Extraído de <http://www.ine.es>.

Nota: datos provisionais.

15

**ARRENDAMIENTOS URBANOS SEGUNDO A CAUSA DE LITIXIO. AÑO 2009**

	España	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
<b>Total</b>	<b>30.036</b>	<b>1.500</b>	<b>701</b>	<b>169</b>	<b>132</b>	<b>498</b>
Falta de pagamento da renda	28.339	1.448	671	164	128	485
Denegación de prórroga	366	14	10	1	0	3
Outras causas	1.077	32	17	4	2	9
Máis dunha causa	254	6	3	0	2	1

Fonte: INE. Estadística de arrendamientos urbanos. Extraído de <http://www.ine.es>.

Nota: outras causas engloba (Subarrendamento, Realización de danos, Non uso como vivienda permanente, Realización actividades molestas, etc.).

16

**ASUNTOS PENAIS (XULGADOS DE PAZ) SEGUNDO TIPO DE ASUNTO. AÑO 2009**

	España	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Ingresados	1.064.353	66.706	36.023	6.840	4.003	19.840
Resoltos	1.057.230	66.254	35.715	6.839	4.004	19.696
Xuízos de faltas	22.612	1.350	563	77	68	642
Exhortos penais	944.123	55.247	32.263	6.114	1.899	14.971
Resto de asuntos	90.495	9.657	2.889	648	2.037	4.083

Fonte: INE. Estadística de juzgados de paz. Extraído de <http://www.ine.es>.

17

**VIOLENCIA DE XÉNERO. GALICIA**

	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008
Denuncias por malos tratos producidos pola parella ou exparella. Homes	448	468	470	544	554	598	..
Denuncias por malos tratos producidos pola parella ou exparella. Mulleres	1.985	2.275	2.464	2.737	2.912	3.220	..
Delitos coñecidos de abuso, acoso e agresión sexual	260	271	302	374	311	326	..
Mulleres mortas por violencia de xénero a mans da súa parella ou exparella	3	5	2	1	0	6	7

Fonte: Ministerio de Igualdad. Instituto de la Mujer.